

A SITUACION DO RIO MIÑO

Cada ano, durante o verán a situación do río Miño aprésenta-se á opinión pública con toda a súa gravidade. O deterioro do Miño é cada vez máis evidente. Este ano, sen ir máis lonxe, acadou niveis de contaminación alarmantes para a saúde humán, que se manifestaron coa presenza de centos de peixes mortos flotando nas súas augas. Este feito, unido á apertura de actuacións xurídicas pola contaminación do río e as multas impostas ao Concello de Lugo por verter sen permiso, sensibilizaron a unha opinión pública luguesa para quen o río é unha parte máis da súa vida colectiva. Froito desta sensibilización foi a creación da "Plataforma para a Defensa do río Miño" no mes de agosto. O compromiso adquirido polas 14 organizacións que a constitúen, polo momento, a Plataforma, xunto coas persoas que a nivel individual están integradas na mesma, é unha nova positiva,

ao igual que o desexo de impulsala no outono.

Paralelamente, o tema debate-se no Concello de Lugo e a presión da opinión pública forzou unha iniciativa de coordinación de organismos implicados para debater sobre un Plan de Saneamento Integral do Miño. A proposta de convocatória feita polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente ia dirixida á Xunta de Galiza, Confederación Hidrográfica, Concellos ribeireños e Deputación Provincial.

Esta mesma proposta dun Plan de Saneamento Integral fora obxecto dunha iniciativa parlamentar do BNG a comezo do verán e deberá ser debatida no Parlamento de Galiza.

O río Miño é sen dúbida un dos nosos patrimonios naturais máis importantes, e frear o seu deterioro parece fundamental. O Miño non só é un ben natural a conservar ecolóxicamente senón que del suministra-

se auga "potábel" á cidade de Lugo, polo que a súa calidade é fundamental para a saúde da poboación e para un axeitado nivel hixiénico-sanitario. Ademais, en Lugo, o Miño é o lugar de esparcemento e lecer por excelencia, algo que, dado a contaminación que soporta, vai-se perdendo, e con el un aspecto básico da vida cidadán, sobre todo no verán.

A constitución da "Plataforma para a Defensa do río Miño" pode ser un bon revulsivo cidadán que presione as Administracións para que se tomen urxentemente as medidas necesarias e non se sigan retrasando, como o caso do Plan de Protección do río Miño que foi esquecido "sine die" polo Concello de Lugo. Ao mesmo tempo, a súa presenza pode ser un punto de referencia importante no debate do Plan Hidrolóxico que contempla discutíbeis actuacións no Miño.

por Xoan Carlos Carreira Pérez

MAIS ENCOROS

No número anterior incluíamos un solto dos nosos amigos do Condado alertando contra o proxectado encoiro do río Sela. Nestes meses ten-se reunido varias veces a Coordinadora Anti-Salto, recollendo a información parlamentar pertinente e elaborando unha moción que se está repartindo por todo o país para arrecadar apoios contra o malfadado proxecto.

O do Sela non é un caso isolado, porque as empresas eléctricas e o Ministerio de Industria e Enerxía, perante o relativo parón nuclear, e negando-se a apostar polas enerxías

alternativas, poñen os ollos non só no gas -tal e como manifestan a coñío- senón tamén no aumento da produción eléctrica de orixe hidráulica. Por iso non resulta sorprendente que desde a aprobación do Plan Enerxético Nacional (PEN) reapareceran non poucos proxectos de encoros que durmían desde a época da aposta nuclear. Deste xeito, fala-se últimamente non só do encoro do Sela, senón tamén doutro na zona de Entrimo, dun novo no río Eume, e volve-se a axitar a pantasma dos encoros do Navia.

A historia dos "encoroproxectos"

do Navia é tan longa como lamentável. "Electra de Viesgo" e "Hidroeléctrica del Cantábrico" dispoñen de concesións para embalsar as augas deste río -un dos máis pesqueiros do país- desde os anos do máis duro franquismo (comezos dos anos 1950). Se os proxectos iniciais non eran precisamente benéficos para a comarca, o presentado no 1963, denominado "Gran Suarna" atrevíase mesmo a incluír o asulagamento da vila da Póvoa de Navia. A mobilización popular (recursos, escritos, concentracións) conseguiu frear tanto aquel proxecto como o seu intento

EMBALSES NO NAVIA?



NIN GRANDE. . .

NIN PEQUENOS

de reforma a máns das mesmas empresas doce anos mais tarde. Diante da imposibilidade de asulagar a Póvoa de Navia, as empresas concesionárias presentan no ano 1985 un novo proxecto que contempla a construción non dun "Gran Suarna", senón a de dous encoros, en principio menores: o alcumado "Suarna" augas abaixo da vila, e o "Penamil" a seis kilómetros augas arriba, proxecto que fica igualmente paralizado.

Finalmente, e iste é o problema actual, no ano 1990 a Con-

federación Hidrográfica do Norte, sen ter en conta para nada as alegacións feitas polos afectados, propón ao Ministerio de Obras Públicas que autorice a construción do encoro do "Suarna" no mesmo lugar e en base á concesión feita no 1963 para o "Gran Suarna", pero agora, sen chegar a asulagar a vila de Navia, e recomenda igualmente ás empresas, que soliciten para o "Penamil" unha concesión distinta. A resposta dos veciños non se fixo esperar, e na actualidade a traveso da Coordinadora Antiencoros do Navia, na que se combina a representación directa coa dos grupos municipais están a levar unha man de accións contra a ameaza do encoro.

Desde aquí a nosa solidariedade a todas as comarcas afectadas polos novos proxectos de encoros, e un chamamento para que nos envíen novas de todas as actividades que realicen para frear a súa construción.

ALGUNS DOS PERXUIZOS QUE CAUSARA O ENCORO DO NAVIA

De tipo ecolóxico

* Degradación da calidade das augas. Os problemas que na actualidade se presentan xa nos demais embalses (eutrofización, anaerobiose nas capas profundas, dificultades de regulación do caudal ecolóxico) van-se presentar tamén aquí, e se as medidas correctoras tal e como demostran diversos estudos non teñen sido abondo para frear estes procesos, raro sería que o foran no caso do Navia

* Modificación da flora e fauna do río, coa desaparición das especies mais esixentes en calidade (truita, salmón) e sobre todo das especies migratorias (salmón, anguila, etc.).

* Incremento da humidade e néboas na zona e empobrecemento ecolóxico acusado. As zonas asulagadas adentranse en toda a comarca de Ancares, á que asestarán un golpe de morte

De tipo económico e social

* A construción dos encoros supón unha forte redución das terras de maior calidade, o que favorecería aínda o maior despovoamento da comarca, que nos últimos tempos ven precisamente provocado en grande parte pola ameaza dos encoros.

* O beneficio económico será para as empresas e non para os veciños. Toda Galiza é excedentaria en enerxía eléctrica, sen que elo teña revertido no desenvolvemento das comarcas nas que se construíron os encoros. As necesidades enerxéticas deben ser cubertas *racionalizando o consumo, mellorando o aproveitamento da enerxía e potenciando as enerxías alternativas.*

* O proxecto non avalia custes sociais como o traslado de poboacións nen indica nada sobre as alternativas de sobrevivencia das familias afectadas.

* O encoro asulaga os povos de Cabana e San Martín da Riveira e a presa constituiría un perigo potencial e permanente ameaza para toda a vila de Navia, pola posibilidade de rotura ou desbordamento.